

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE NOVEMBRO DE 2013.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. José Ángel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:15 horas do día vinte e oito de novembro de dous mil trece, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/09/2013, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26/09/2013.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.

2.1.- ESCRITO OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DE S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO SOBRE LIQUIDACIÓN DO ALBERGUE DE BOIMORTO.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado por S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, rexistro de entrada nº. 2301 con data 14/11/2013 no que se comunica que no 3º trimestre do ano 2012 non se fixo a liquidación do albergue ó Concello por importe de 666 euros, por non estar feito durante ese periodo o cambio efectivo da titularidade dos subministros e que foron asumidos por S.A. de Xestión; polo que a efectos de xustificar as cantidades non ingresadas os membros da Xunta de goberno local acordan solicitar a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo que remita a este Concello as facturas da luz que pagou nese periodo, coa finalidade de comprobar que as cantidades que non foron aboadas corresponden ao total do pago desas facturas.

2.1.2.- ESCRITO DO SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOBRE NÓMINA SAF MUNICIPAL.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada nº. 2248 con data 06/11/2013 no que se envía o certificado das cantidades que se liquidarán ó Concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia) do 3º trimestre de 2013:

Xullo: 6.217,70 €

Agosto: 6.217,70 €

Setembro: 6.217,70 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- ESCRITO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL - AGADER SOBRE CONCESIÓN DA AXUDA DO PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo AGADER, rexistro de entrada nº. 2324 con data 19/11/2013 no que se comunica a tramitación da solicitude de anticipo do Programa de mellora de camiños de titularidade municipal anualidade 2013 por importe de 20.909,44 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DO POS 2013 OBRA EMLLORA DE CAMIÑOS EN SANTALLA, FORNELOS, IGREXA E OUTROS

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña Xestión de Plans, rexistro de entrada nº. 2345 con data 21/11/2013 no que se comunica a aprobación da certificación da obra do POS “Mellora de camiños en Santalla, Fornelos, Igrexa e outros” por importe de 47.553,00 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE SUBVENCIÓN TÉCNICO LINGÜÍSTICO

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Fomento de Servizos Provinciais, Unidade Técnica de Normalización Lingüística, rexistro de entrada nº. 2352 con data 22/11/2013 no que se comunica a resolución do aboamento do 50% do importe da subvención de Técnico Lingüístico por importe de 3.000€

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS SOBRE INSTALACIÓN DE EQUIPOS EMISORES DE TDT

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado por Presidencia, Secretaría Xeral de Medios, rexistro de entrada nº. 2373 con data 25/11/2013 no que se comunica a que para evitar problemas na recepción da TDT no futuro recoméndase que se faga unha poda dos árbores que poden obstaculizar a recepción da sinal de TDT no centro de Pena da Vexiga na parroquia de Boimil.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan comuicar á Secretaría Xeral de Medios que non pode o Concello podar as árbores en parcelas de particulares e solicítase que se lle dea máis alto as torretas.

2.1.7.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL LETRADO-ASESOR XURÍDICO SOBRE RECURSO P.O. 7/2012 CONTRA O DECRETO 338/2011 DESTA ALCALDÍA

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Letrado-Asesor Xurídico, rexistro de entrada nº. 22745 con data 11/11/2013 no que se comunica a declaración da inadmisibilidade do recurso contencioso administrativo enviada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña, P.O. 7/2012 interposto por D. Jose Luis Garea Sánchez fronte o Decreto 338/2011 da Alcaldía deste Concello.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR D. LUÍS VEEA SÁNCHEZ SOLICITANDO SUSPENSIÓN TEMPORAL NA LICENZA DE TAXI.

Pola secretaria dáse conta da instancia presentada por D. Luís Verea Sánchez, con rexistro de entrada número 2296 en data 13/11/2013, no que solicita a suspensión temporal da licenza de taxi número 4.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Requerir ao interesado para que no prazo de dez días hábiles acredite documentalmente a invalidez alegada para a aplicación do artigo 11.a da Lei 4/2013 do 30 de maio.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓN.

3.2.- AUTORIZACIÓN

3.2.1.-CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO A PERSOAL CON MOBILIDADE REDUCIDA (TARXETA PARA ALEJANDRO COTÓN GARCÍA) 2/2013.

Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida presentada con entrada no Concello nº 2263 en data 08/11/2013 por Dna. María Isabel García Sánchez con DNI 78794503E en representación do seu fillo Alejandro Cotón García con DNI 58002835D con grao de minusvalía do 71%, visto informe da Asistente Social de data 28/11/2013, e comprobado que se cumpren os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en aplicación do artigo 27.2 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 50 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor do veciño deste Concello Alejandro Cotón García con DNI 58002835D con grao de minusvalía do 71%.

SEGUNDO.- En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de **taxa 6 €**

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.

3.2.2.- AUTORIZACIÓN USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL SOLICITADO A INSTANCIA DA COMISIÓN DE FESTAS PATRONAIS DE BOIMORTO.

Vista a solicitude presentada por D. Jesús Ángel Varela Gómez, con DNI núm. 53162741N e con domicilio a efectos de notificacións en R/ Asientos nº 10 do núcleo urbano de Boimorto, actuando en calidade de membro da comisión de festas patronais de Boimorto do ano 2014, -nº rexistro de entrada 2400 do 28.11.2013- sobre solicitude de autorización para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 7 de decembro, en horario de

22:00 a 01:00 horas con alumeado, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras propiedade do concello.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do pavillón municipal a D. Jesús Ángel Varela Gómez, con DNI núm. 53162741N e con domicilio a efectos de notificacións en R/ Asientos nº 10 do núcleo urbano de Boimorto, actuando en calidade de membro da comisión de festas patronais de Boimorto do ano 2014, para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 7 de decembro, en horario de 22:00 a 01:00 horas con alumeado, sendo o período de ocupación do pavillón de 3 horas, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras, condicionando a autorización a:

1º.- A presente autorización abrangue das 22:00 horas ás 01:00 horas do día 7 de decembro do presente ano, quedando o autorizado baixo as instrucións que lle imparta o persoal do concello responsable do polideportivo municipal en materia de utilización do mesmo.

2º.- O solicitante queda responsabilizado da utilización das mesas e cadeiras que deberán ser conservadas no estado en que se atopan e entregan para o seu uso.

3º.- O autorizado, ó rematar a actuación, deberá deixar as instalacións municipais nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal, que ascende á cantidade de CINCOENTA E CATRO EUROS (54,00 €), ao abeiro do disposto no artigo 6º.c) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sen este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.3.- AUTORIZACIÓN USO DO EDIFICIO DA ANTIGA ESCOLA DE ARCEO PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPEONATO DE TUTE A INSTANCIA DA COMISIÓN DE FESTAS DE ARCEO DO ANO 2014.

Vista a solicitude presentada por D. Andrés Sánchez Aguión, con DNI núm. 79334810J e con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Campo nº 1, Arceo, 15818 Boimorto, actuando en calidade de membro da comisión de festas de Arceo do ano 2014, -nº rexistro de entrada 2258 do 08.11.2013- sobre solicitude de autorización para o uso do edificio da antiga escola de Arceo para a celebración dun campeonato de tute o día 7 de decembro de 2013 a partir das 21:00 horas, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras propiedade do concello.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do edificio da antiga escola de Arceo a D. Andrés Sánchez Aguión, con DNI núm. 79334810J, en calidade de membro da comisión de festas de Arceo do ano 2014, para a celebración dun campeonato de tute, o día 7 de decembro a partir das 21:00 horas, e a dispoñibilidade de mesas, e a dispoñibilidade de mesas, xa que as cadeiras están autorizadas para unha actividade no pavillón municipal, condicionando a autorización a:

1º.- O solicitante queda responsabilizado da utilización do inmovible.

2º.- O solicitante queda responsabilizado da utilización das mesas que deberán ser conservadas no estado en que se atopan e entregan para o seu uso.

3º.- O autorizado, ó rematar a actuación, deberá deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionadoras oportunas.

4.1.1.-LICENZA DE OBRA MENOR (LO 43/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE CORREDOIRAS Nº 16, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JUAN LÓPEZ SÁNCHEZ

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Juan López Sánchez, con DNI núm. 34258362T, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar Corredoiras núm. 16, parroquia de Ánxeles, 15816 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co núm. 1.790 en data 13/09/2013 para a substitución do material de cuberta da vivenda unifamiliar sita en Corredoiras nº 16, Ánxeles, (solo de núcleo rural) segundo pre-suposto e fotografías presentadas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 23/09/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Vista a autorización do Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da estrada AC-840 de data 13/11/2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Juan López Sánchez, con DNI núm. 34258362T (LO 43/2013), para a substitución do material de cuberta da vivenda unifamiliar sita en Corredoiras nº 16, Ánxeles, (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) segundo valoración e fotografías presentadas.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- Deberase axustar ao contido no informe do Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 43/2013

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **7.947 €uros.**

Liquidación 2%: **158,94 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 44/2013) PARA CONSTRUCCION DE CERRAMIENTO PERIMETRAL DE PARCELA EN NÚCLEO RURAL (PARCELA 351; POLÍGONO 507) EN CANTO DO BALO, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL PÉREZ BARREIRO.

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel Pérez Barreiro con DNI nº 76474110F, e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Casanova núm. 5, parroquia de Arceo, 15818 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 942 en data 26/06/2012, para realizar as obras de construción de cerramento perimetral de parcela en núcleo rural (parcela 351, polígono 507), consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Ramón López Verdini, colexiado nº 1.605, visado polo colexio oficial de enxeñeiros/as técnicos/as agrícolas co nº 665/12; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

Con data 27/06/2012 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 30/10/2013 rexistro de entrada número 2201 preséntase “Documentación complementaria” redactada polo mesmo técnico..

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 4/11/2013 dos servizos técnicos municipais por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de 28/11/2013.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a D. Manuel Pérez Barreiro con DNI nº 76474110F (LO 44/2013), para executar as obras de construción de cerramento perimetral de parcela en núcleo rural (parcela 351, polígono 507), consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Ramón López Verdini, colexiado nº 1.605, visado polo colexio oficial de enxeñeiros/as técnicos/as agrícolas co nº 665/12;, e conforme á documentación complementaria con entrada nº 2201 en data 30/10/2013; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- As características do cerramento axustaranse ás condicións sinaladas no artigo 30.7 do PXOM de Boimorto.
- .- Para o replanteo da obra asistirá o técnico municipal na data que se acorde.
- .- As obras a realizar consisten en:
 - .- Construción dun muro de cerramento no lindeiro sur da finca sinalada no proxecto, cunha lonxitude de 79,59 metros. O cerramento terá unha base maciza a base de muro de formigón 0,3 m, bloque prefabricado de formigón (0,8 m) revestido con morteiro de cemento e pintado coas cores predominantes na zona, e malla metálica (0,9 m), alcanzando unha altura total de 2,0 m.
- .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 44/13

Presuposto de execución material da obra: **9.000,00 €uros.**

Liquidación 2%: **180,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACION (LPO 2/2013) PARA A VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE CORREDOIRAS, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ ANTONIO GÓMEZ ARTO

Visto o expediente de solicitude de licenza de primeira ocupación tramitado a instancia de D. José Antonio Gómez Arto, DNI núm. 33246116F, con domicilio para os efectos de notificacións en Lg. Corredoiras, Ánxeles, 15816 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co núm. 1996 con data 7/10/2013 correspondente á vivenda unifamiliar sita en Corredoiras, parroquia de Áneles, con licenza de obra (LO 3/2011).

Vista a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, artigos 42, 43 e 44.

Visto o art. 195.6 da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 20 de decembro e no art. 10.8 do Regulamento de disciplina urbanística aprobado por Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro e unha vez que o arquitecto municipal, D. Ángel Delgado Cid informou favorablemente con data 11/11/2013/2013.

Visto o informe de Secretaría de data 28/11/2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder a D. José Antonio Gómez Arto a licenza de primeira ocupación (LPO 2/2013) correspondente á vivenda unifamiliar sita en Corredoiras, parroquia de Ánxeles, segundo obras executadas en base á licenza municipal (LO 3/2011) de data 27 de xaneiro de 2011.

SEGUNDO.- Someter a licenza de primeira ocupación outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro para uso de todo o inmovible como residencial.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.5.-RECTIFICACIÓN ERRO DE FEITO ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Advertido erro aritmético no acordo sobre licenza de obra para segregación da parcela número 202 do polígono catastral 507 da zona de concentración parcela de San Vicente de Arceo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data de 15 de maio de 2003 con respecto á superficie resultante da división en catro parcelas da superficie total de 6.560 m2.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de maio de 2013, nos termos recollidos a continuación:

Donde di:

.- A D. José Mario Gíao López, para dividi-la finca nº 202 do polígono 507 da zona de concentración parcelaria de San Vicente de Arceo, con unha superficie total de 6.560 m2, en catro parcelas, cunha dimensión de 1.642 cada unha, de acordo coa memoria valorada que adxunta coa solicitude, asinado polo arquitecto D. Jesús Atilano Cabado López

Debe dicir:

.- A D. José Mario Gíao López, para dividi-la finca nº 202 do polígono 507 da zona de concentración parcelaria de San Vicente de Arceo, con unha superficie total de 6.560 m2, en catro parcelas, cunha dimensión de 1.640 cada unha, de acordo coa memoria valorada que adxunta coa solicitude, asinado polo arquitecto D. Jesús Atilano Cabado López

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a don José Mario Gíao López con DNI 76514860R, aos efectos oportunos, facendo constar que a Xunta de Goberno Local non se responsabiliza da legalidade do acto de outorgamento da licenza no ano 2003, limitándose a rectificar erro material neste acordo.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS.

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Ticket-07/11/13	U.T.E. Choupana / U-83458570	Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	4,00 €
Ticket-11/11/13		Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	1,15 €
Ticket-12/11/13		Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	2,95 €
Ticket-15/11/13		Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	3,45 €
Ticket 26/11/13 <input type="checkbox"/>	Autopistas del Atlántico / A-15020522	Peaxe viaxe á Coruña levar documentación á Deputación <input type="checkbox"/>	1,75 €
A/48-30/10/13	Integral de Publicidade Galega, S.L. / B-70120167	Impresión nomes etiquetaxe residentes da residencia	61,71 € <input type="checkbox"/>
13- 319-16/11/13	Hnos. Villar Mato, S.L. / B-1501034	Cerradura para a porta bar campo de fútbol	30,25 €
13- 316-05/11/13		Cerradura para local de taquilla de campo de fútbol	30,25 €
00271/A-30/10/13	María Luisa Carro López / 32759593A	Tres batas para o PAI	119,54 €
4.392-21/11/13	Plásticos Santi, S.L. / B-15347198	Xogo bimbo para a residencia e centro de día	22,95 €
30-23/10/13	Mª. Lourdes Vereá Seoane / 76510236T	Material para o colexio	121,74 €
13/548-19/11/13	Remuíño Servicios XXI, S.L. / B-15873193	Tóner para impresora residencia	162,62 €
OFFV13/4199-31/10/13	Ofireyco, S.L. / B15342702	Material de oficina	134,38 €
1-11045414-26/11/13	Manuel Castro Gómez / 33215547M	Confeción nóminas e seguros mes de novembro 2013	876,89 €
B 633-20/11/13	Beatriz Marzoa Rivas /	Nota simple expediente investi-	

B 643-22/11/13	79320953W	gación de oficio parcela de Santarandel Nota simple expediente investigación de oficio camiño en Vieite	3,01 € 3,01 €
740-12/11/13	Dolores Pazos Garea / 24403008P	Cristais para as ventás do colexio	130,68 €
13/21-19/11/13	Abarajar Producciones, S.C. / J-70319660	Espectáculo I+D+I realizado o día 16/11/13 rede cultural 2013	800,00 €
914-23/11/13	Cayetano Lledó Martínez / 36118318S	Actuación na casa de cultura o día 23/11/2013 Rede cultural 2013	700,00 €
453-03/10/13	Isabel Senín Lareo / 76500326-A	Vinte protectores traveseiros para as camas da residencia	300,08 €
B-952-31/10/13 □	Jobegosum, S.L. / B70058268	Esponxas xabonosas para a residencia	113,74 €
1010/13-31/10/13	Carechem Distribución, S.L. / B15601081	Panos faciais para a residencia	116,16 €
0101-1301223-31/10/13	COGAMI Reciclado de Galicia, S.L. / B-15467962	Recollida de residuos do 01/10/13 ao 31/10/13 □	95,07 € □
B/1434-31/10/13 B/1435-31/10/13 □	Oscar Carreira García / 78796945-A	Material de limpeza Concello Material de limpeza para a residencia e centro de día	121,22 € 478,54 € □
3120144514-31/10/13	Serunión, S.A.U. / A59376574	Servizo de alimentación da residencia e centro de día período 25/10/13-31/10/13	1.191,81 €
1.010/13-31/10/13	Gráfica de Asturias, S.L. / B-15342348	Libro rexistro de persoas voluntarias	157,61 €
5/01309558-25/10/13 5/01309559-25/10/13	NEA F3 Iberica, S.L.U B-15361348	Mantemento fotocopiadora oficinas municipais BH C353 período 19/09/13-19/10/13 Mantemento fotocopiadora servizos sociais K-7022 período 20/09/13-21/10/13	646,96 € 29,17 €
06B/130-30/10/13	Coregal Parques e Xardíns S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes outubro 2013 □	1.300,00 €
4001209389-31/10/13 □	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de outubro 2013	367,77 €
D-1098-16/10/13 D-1193-12/11/13 D-1194-12/11/13	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo automoción para o albergue Gasóleo calefacción para o centro médico Gasóleo calefacción para o centro social municipal de maiores	890,00 € 870,00 € 870,00 €
803.325-01/11/13 803.933-01/11/13 □	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial novembro 2013 Mantemento ascensor centro residencial novembro 2013	328,90 € 329,18 €

2013/2701-31/10/13	Sociedade Galega de Medio Ambiente A-15379803	Tratamento RU mes de outubro 2013	3.152,55 €	
0000444-01/11/13	Enfoque Soluciones TI, SL / B47602651	Mantemento programa residencia novembro 2013	59,29 €	
Relación de data 18/10/13. Rexistro de entrada nº 2089	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A-65067332	Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello: Protección civil Refuxio de Sendelle	41,71 € 18,09 €	
FE13321130715687-13/09/13	Gas Natural Servicios SDG, S.A. / A-08431090	Recibo de subministro de luz estación potabilizadora período 18-07-13/19-08-13	2.441,80 €	
FE13321131363365-23/09/13		Recibo de subministro de luz estación potabilizadora período 20-08-13/13-09-13	2.326,20 €	
FE13321131188600-19/09/13		Recibo de subministro de luz campo de fútbol período 14-08-13/16-09-13	927,49 €	
FE13321130598692-12/09/13		Recibo de subministro de luz colexio período 16-07-13/14-08-13	269,84 €	
FE13321131188599-19/09/13		Recibo de subministro de luz colexio período 15-08-13/11-09-13	459,13 €	
FE13321131188598-19/09/13		Recibo de subministro de luz polideportivo período 15-08-13/11-09-13	165,36 €	
Rexistro de entrada 2088 Data: 18/10/13				
28-K381-616483-01/11/13	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Recibo teléfonos móbiles período 18/09/13 a 17/10/13	165,55 €	
TA4JF0394967	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	74,08 €	
TA4JF0405614		Recibo teléfono centro social municipal de maiores	65,69 €	
TA4JF0394966		Recibo teléfono xulgado de paz	9,47 €	
TA4JF0403520		Recibo teléfono ascensor concello	1,12 €	
TA4JF0403758		Recibo teléfono oficinas Concello	331,07 €	
TA4JF0410480		Recibo teléfono residencia	61,47 €	
TA4JF0410101		Recibo teléfono ascensor residencia	4,30 €	
TA4JF0404637		Recibo teléfono fax	1,63 €	
TA4JF0394969		Recibo teléfono PAI	8,95 €	
Data 19/01/13				
TA4JE0399909		Recibo teléfono PAI	23,13 €	
Data 19/10/13				
TA4JE0409726		Recibo teléfono fax	0,23 €	
Data 19/10/13				

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 28/11/2013

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- DIAZ CASTRO RAIMUNDA - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

2.- REGUEIRA FREIRE ASUNCIÓN - PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a Raimunda Díaz Castro e no servizo de podoloxía a Asunción Regueira Freire.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de outubro, novembro e decembro de 2013. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

5.3.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 4887 m³ (menos 4671 m³ da lectura do trimestre anterior = **216 m³**) e nº 07SE117232 = 1266 m³ (menos 1213 m³ da lectura do trimestre

anterior = **53 m3**) TOTAL: 269 m3, realizada polo encargado de obras e servizos deste Concello, D. Luís González Guerra, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio $269 \text{ m}^3 \times 0,21 \text{ euros} = 56,49 \text{ €} + 5,65 \text{ (IVE do 10\%)} = 62,14 \text{ €}$

SEGUNDO.- Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

5.4.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN E FACTURA DA OBRA INCLUÍDA NO POS 2013: “MEJORA DEL VERTIDO DE LA DEPURADORA DE LOBOMORTO (ARCEO)

Vista a acta de recepción da obra incluída no Plan de obras e servizos 2013, denominada “Mellora do vertido da depuradora de Lobomorto (Arceo)”, cun orzamento de execución de 30.812,12 €uros, asinado en data 14/11/2013 pola Alcaldía, o enxeñeiro director de obra D. Ángel Delgado Cid e o contratista D. José Antonio González Santos a acta de recepción das obras anteditas dando comezo o prazo de garantía das obras dun ano.

Vista a certificación única da citada obra, por importe de 30.812,12 € acompañada de factura por dito importe co número F041/13 con data 19 de novembro de 2013 do adxudicatario Construcciones González y González, S.L. con CIF nº B-15165004.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación única da obra denominada “Mellora do vertido da depuradora de Lobomorto (Arceo)” por importe de 30.812,12 € acompañada de factura por dito importe co número F041/013 con data 19 de novembro de 2013 do adxudicatario Construcciones González y González, S.L. con CIF nº B-15165004.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á sección de plans provinciais da Deputación Provincial de A Coruña xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

5.5.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO DE D. JOSÉ MARÍA NIETO ARES.

Pola secretaría dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 2229, con data 04/11/2013, presentada por D. José María Nieto Ares, DNI 76514875Q, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Vista Alegre, 58-1º B, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, no que manifesta a súa desconformidade co importe do recibo da taxa polo servizo de abastecemento de auga, canon de auga e lixo do 3º trimestre de 2013 correspondente ao inmovible sito en Rúa Castro número 1, Corredoiras, Ánxeles e solicita que se lle comprobe o estado do contador e se lle determine si houbo erro na toma de lectura, debido a que estima o consumo facturado anormalmente elevado, así como a devolución por ingreso indebido.

Resultando que si se acreditou a procedencia da devolución ao comprobarse polo encargado de obras e servizos de urbanismo que houbo un erro na transcripción na lectura do contador número 000190N que se emiteu o recibo lectura anterior 185 e lectura actual de 344 m3 cando realmente son 240 m3 de lectura actual.

Tendo en conta o disposto nos artigos 14, 15 e 16 do Real Decreto 520/2005 de 13 de maio polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003 de 17 de decembro

xeral tributaria en materia de revisión en vía administrativa artigo 221 da Lei 58/2003 xeral tributaria, a Xunta de Goberno Local **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Modificar o recibo correspondente ao inmovible sito na Rúa Castro 1 de 159 m3 de consumo de auga e emitirse un novo por 55 m3, co seguinte desglose:

Conceptos	Recibo anulado	Recibo a emitir
Consumo en m3	159	55
Importe taxa auga	77,25 €	16,75 €
Importe IVE	7,73 €	1,68 €
Importe canon	58,17 €	16,38 €
Lixo	12,50 €	12,50 €
Total recibo	155,65 €	47,31 €

SEGUNGO.- Recoñecer o dereito á devolución de 108,34 €

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado e dar conta aos servizos contables, para que procedan ao reintegro da cantidade sinalada no apartado segundo a través de transferencia bancaria á conta facilitada polo interesado número 0075-8997-84-0700294127 de Banco Popular de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

5.6.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de outubro e novembro da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Outubro 2013	20130369	Recollida selectiva	643,96	64,40	708,36
Outubro 2013	20130367	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,73	0,47	5,20
Novembro 2013	20130366	Recollida selectiva	590,33	59,03	649,36
Novembro 2013	20130364	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,17	0,42	4,59

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20130369, 20130367, 20130366 e 20130364 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

5.7.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes ao meses de xullo, agosto e setembro da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Outubro 2013	20130368	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	84,05	8,41	92,46
Novembro 2013 □	20130365	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	72,02	7,20	79,22

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Remitir as facturas números 20130368 e 20130365 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

5.8.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE CULTURAL E DEPORTIVA DO NADAL 2013.

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para convocatoria e establecemento do prezo público con motivo da actividade de nadal 2013 redactadas en data 20/11/2013 pola animadora deportiva e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE CULTURAL E DEPORTIVA DO NADAL 2013

1.- Obxeto.

O obxeto destas bases e o establecemento de prezo público para a seguinte actividade que será realizada polos departamentos deportivos e de animación sociocultural no nadal de 2013 o día 2 de xaneiro de 2014:

Unha forma de pasalo ben neste Nadal.

Pola mañá estaremos no Centro Comercial as Termas desfrutando da actividade Paintball Laser e do centro comercial.

O xantar será polo conta de cada participante.

Dende as 16:30 a 20:30 iremos a XUVENLUGO, que conta con

- Espazo infantil 0-3 anos (xogos, xoguetes, contacontos, inchables),

- Espazo de animación: de 4 anos en diante (obradoiros e manualidades, xogo musical interactivo, videoxogos, atraccións – saltamontes, camas elásticas, scalextric, toros mecánicos, coches de choque – e inchables de gran formato...

Os menores de 11 anos deberán vir acompañados dun adulto.

Hai 22 prazas, polo que irá por orde de inscrición, e o mínimo para realizarse a actividade será de 22.

O prazo para anotarse remata o día 27 de decembro de 2013.

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios da actividade cultural e deportiva organizada por este Concello.

3.- Contía

O prezo é de 12 euros para as persoas que conten co carnet de usuario da piscina descuberta e ximnasio municipal do Concello de Boimorto e de 15 € para o resto. (O prezo inclúe transporte, entrada a actividade de Paintball Laser e entrada xenérica ó Salón de Ocio de Xuvenilugo)

4.- Bonificacións e exencións

Contemplase a bonificación de 3€ para as persoas que conten co carnet de usuario da piscina descuberta e ximnasio municipal do Concello de Boimorto; esta bonificación está pendente de aprobación pleanaria. Non están previstas exencións para estas actividades.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago do prezo da actividade efectuarase do seguinte modo: o ser comunicado polas oficinas do Concello que se cubriron todas as prazas para e antes do día 30 de decembro de 2013.

Boimorto, 20 de novembro de 2013

A animadora sociocultural

Yolanda Barreiro Garea

A animadora deportiva

M^a Amalia Seoane Barreiro>>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público da actividade cultural e deportiva do nadal 2013, redactadas pola animadora deportiva e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en 12 euros para as persoas que conten co carnet de usuario da piscina descuberta e ximnasio municipal do Concello de Boimorto e de 15 € para o resto. (O prezo inclúe transporte, entrada a actividade de Paintball Laser e entrada xenérica ó Salón de Ocio de Xuvenilugo)

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.9.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA DE PILATES POLAS PARROQUIAS.

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para convocatoria e establecemento do prezo público con motivo da actividade de Pilates redactadas en data 25/11/2013 pola animadora deportiva

e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA DE PILATES POLAS PARROQUIAS.

1.- Obxeto.

Establecemento do prezo público para a seguinte actividade que será organizada polo departamento de deportes nos meses de Xaneiro a Maio de 2014:

Consiste na realización da actividade de Pilates polas parroquias, un día á semana cunha hora de duración por sesión. Establécese un mínimo de 10 persoas por parroquia para levarse a cabo a actividade.

2.- Inscripción.

O prazo de inscrición remata o venres 27 de decembro de 2013.

3.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ó pagamento os que sexan beneficiarios da actividade organizada polo departamento de deportes deste Concello.

4.- Contía

O prezo é de 12 euros mensuais para as persoas que conten co carnet de de usuario da piscina descuberta e ximnasio municipal do Concello de Boimorto e de 15 euros para o resto.

5.- Bonificacións e exencións.

Contemplase a bonificación de 3€ para as persoas que conten co carnet de usuario da piscina descuberta e ximnasio municipal do Concello de Boimorto; esta bonificación está pendente de aprobación plenaria. Non están previstas exencións para estas actividades.

6.- Obriga de pagamento.

A obriga de pagamento do prezo público, regulado no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago do prezo da actividade efectuarase do seguinte modo: o ser comunicado polas oficinas do Concello que se cubriron todas as prazas e antes do día 30 de decembro de 2013.

Boimorto, 25 de novembro de 2013

A animadora deportiva

Asdo.- Mª Amalia Seaone Barreiro>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público da actividade deportiva de Pilates polas parroquias redactadas pola animadora deportiva tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en 12 euros para as persoas que conten co carnet de usuario da piscina descuberta e ximnasio municipal do Concello de Boimorto e de 15 € para o resto.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.10.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O X CERTAME DE CANTARES DE REIS

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para que rexerán o X Certame de Cantares de Reis redactadas en data 20/11/2013 pola animadora sociocultural e a normalizadora lingüística e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES QUE REXERÁN O X CERTAME DE CANTARES DE REIS DO CONCELLO DE BOIMORTO

O Concello de Boimorto convoca o X Certame de Cantares de Reis, que se celebrará o día 4 de xaneiro de 2013, para todos os que queiran mostrar o seu talento creativo co obxectivo de chamar a atención sobre a tradición dos Cantares de Reis, baixo as seguintes bases:

1. Concepto

O Certame é unha mostra onde o bo facer de cada un, a harmonía e o empeño común de manter viva a nosa tradición será o agasallo e mellor premio. O Concello de Boimorto busca que este certame sexa a casa común dos que tentamos manter viva e legar ós nosos descendentes unha tradición tan nosa.

2. Participantes

Poderán participar cuadrillas de nenos/as, mozos/as ou vellos/as que se inscriban no Concello de Boimorto antes do 26 de decembro de 2013. A solicitude da inscrición deberá estar a nome dunha persoa maior de idade.

Enderezo:

Concello de Boimorto,
R/ Vilanova 1, Boimorto.
15817 A Coruña
Teléfono: 981.516.020 Fax: 981.516.045
cultura@boimorto.es silvia.cea@boimorto.es

3. Xantar de irmandade

Os integrantes das cuadrillas inscritas no Certame serán convidados o xantar que se celebrará ás 14:30 horas o mesmo día do Certame.

4. Desenvolvemento do Certame

Ás 16:30h. dará comezo o X Certame onde cada cuadrilla participante deberá interpretar un cantar de reis, unha manuela ou un aninovo, cunha duración non superior a cinco minutos.

A orde de intervención das cuadrillas será consensuada coas mesmas.

Boimorto 20 de outubro de 2013

A normalizadora lingüística

A animadora sociocultural

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases que rexerán o X Certame de Cantares de Reis redactadas pola animadora sociocultural e a normalizadora lingüística tal e como quedan reproducidas neste acordo.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.11.-DACIÓN DO INFORME DA ANIMADORA DEPORTIVA DO CONCELLO

Dáse lectura o informe realizado pola animadora deportiva que a continuación se transcribe:

<<M^a. Amalia Seoane Barreiro, Animadora Deportiva do Concello de Boimorto (A Coruña);

INFORMA: Que de acordo ó programa establecido de Actividades Deportivas Municipais do curso 2013-2014, detallo a variedade das mesmas e o número de usuarios participantes en cada unha delas:

ACTIVIDADES ADULTOS

- *Ximnasia de mantemento polas parroquias*: Esta actividade propúxose inicialmente en 7 parroquias distintas, agrupando en un so local a varias parroquias (1. Os Ánxeles/Corredoiras, 2. Arceo/Andabao, 3. Rodieiros/Corneda/Dormeá, 4. Boimorto/Boimil, 5. Cardeiro, 6. Sendelle e 7. Brates/Buazo/Mercurín), podendo deste xeito dar cobertura en cada unha delas ás demais parroquias colindantes. A agrupación foi feita tendo en conta varios criterios: - a demanda dos usuarios -parroquia que máis usuarios levaba tendo en cursos anteriores e que máis habitantes participantes posuía.

Nesta actividade, en xeral, participan un total de 71 usuarios.

Detalle por parroquias:

- ✓ Arceo: 12 participantes. Nesta parroquia asisten veciños e veciñas de parroquias colindantes como Andabao e Buazo.
- ✓ Boimorto: 14 participantes. Nesta parroquia asisten veciños e veciñas de outras parroquias cercanas como Sendelle, Cardeiro, Boimil.

- ✓ Brates: 22 participantes. Asisten veciños e veciñas de Mercurín e Sendelle.
- ✓ Os Ánxeles: 9 participantes. A esta parroquia asisten veciños e veciñas da parroquia de Corredoiras.
- ✓ Rodieiros: 14 participantes. Nesta parroquia asisten veciños e veciñas de parroquias colindantes de Corneda e Dorneá.

- **Exercicio físico no centro de maiores:** actividade que se está a levar a cabo de xeito gratuíto e do que non se estableceu un límite previo de usuarios para a súa realización.

- **Baile:** Actividade á que asisten 18 usuarios veciños de diversas parroquias do Concello.

ACTIVIDADES INFANTÍS

- **Bádminton:** nesta actividade están inscritos 16 nenos e nenas de diferentes lugares do Concello. Para esta actividade estableceuse un límite previo de 10 participantes para poder levar a cabo a actividade.

- **Patinaxe:** asisten 15 usuarios de diferentes lugares do Concello. Para esta actividade estableceuse tamén un límite previo de 10 participantes.

- **Fútbol sala:** están inscritos un total de 20 nenos e nenas. Límite previo de participantes para levar a cabo a actividade: 10 participantes.

- **Xogos psicomotores:** total participantes: 12. Estableceuse un límite previo de 10 participantes para realizar a mesma.

- **Pequebaile:** están inscritos un total de 12 nenos e nenas. Límite previo de participantes que se estableceu para levar a cabo a actividade: 10 participantes.

Dúas das actividades propostas a maiores, neste curso 2013-2014, e que non conseguiron o límite establecido de 10 participantes para levalas a cabo foron: multideporte (4), enmarcado dentro das actividades infantís e cachibol (1), das actividades para adultos.

E para que así conste, a efectos de xustificación, expido o presente informe en Boimorto, sete de novembro de dous mil trece.

A Animadora deportiva.

Asdo: M^a Amalia Seoane Barreiro>>

Os membros da Xunta de Goberno Local dánse por informados/as.

5.12.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE NOVEMBRO DE 2013: ARQUIVO DE SOLICITUDES E INCLUSIÓN DUNHA NOVA SOLICITUDE NA LISTA DE ESPERA.

Pola secretaria dáse conta que na Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 31/10/2013 dase validez á relación de usuarios do servizo de axuda a domicilio a data 30/10/2013 así como a lista de espera.

No que se refire á lista de espera figura Lucía Esther Mejuto García e María Mercedes Vereá Taboada, onde se lle requireu a cada unha documentación en relación coa solicitude de axuda no fogar en data 30/10/2013.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común foi outorgado un prazo de

10 días hábiles (segundo acuse de recibo contar dende o 4 e 5 de novembro de 2013) para a aportación da documentación requerida sen que fose presentada segundo os datos que constan no rexistro municipal.

Advertidas ás interesadas que de non presentar a documentación solicitada entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992 de 26 de novembro.

En aplicación dos artigos 71.1 e 42 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

PRIMEIRO.- Entender (por non ter presentado a documentación requerida no prazo sinalado) que desisten do procedemento iniciado ante este Concello Dna. Lucía Esther Mejuto García, con número de rexistro de entrada 1624 en data 23/08/2013 e Dna. María Mercedes Vereza Ta-boada, con número de rexistro de entrada 1751 en data 10/09/2013, solicitude de axuda no fo-gar, acordando o arquivo do expediente.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás interesadas aos efectos oportunos afacendo constar o réxime de recurso que poden interpoñer fronte este acordo.

TERCEIRO.- Á vista do informe emitido pola traballadora social con data 25/11/2013, incluír na lista de espera do servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia a Dna. María Mato Méndez (solicitude presentada con rexistro de entrada número 2251 con data 7/11/2013) e que acada unha puntuación de valoración de 14 puntos.

CUARTO.- Tendo en conta a puntuación acada por Dna. María Mato Méndez con respecto ás solicitudes relacionadas no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/10/2013 en lista de espera, incluía no posto cuarto.

QUINTO.- Tendo en conta os acordos anteriores a lista de espera queda do seguinte xeito:

1º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.

2º.- Antonio Corral Boado, 17 puntos.

3º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.

4º.- María Mato Méndez, 14 puntos.

5º.- Rafael Fernández Mato, 13 puntos.

6º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

7º.- Dolores Nouche Botana, 8 puntos.

SEXTO.- Facer pública a lista de espera relacionada no punto quinto no taboleiro de anuncios do Concello.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 413, 424, 426, 427, 428, 429 e 434 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:55 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez